

O POSITIVISMO LIBERAL-CONSERVADOR DE OCTAVIO LOIS

I. Unha Figura sen biografía

Así como a figura de Armesto, amais da publicidade do seu pensamento, foi de dominio público polas suas querelas, debates, polémicas e militancia política (1), a de Lois apréséntase cáseque sen biografía. Os únicos datos dos que dispoñemos, transmitidos por López Otero —historiador do periodismo en Pontevedra— (2), son resummidos sen máis por aqueles que queren dar algunha noticia sobor da súa personalidade. —Nace en Sanxenxo en 1857 e morre en Pontevedra no 1888 aos 31 anos, deixando xa nos poucos anos que tivo de vida unha obra que, non pola súa orixinalidade ou creatividade propia, pero sí pola súa crara defensa do positivismo e das teses evolucionistas na Galicia daquel entón, dentro dun ambiente máis adverso que acolledor, é preciso avaliar, tendo en conta o momento histórico que lle tocou vivir (3). Por razóns fa-

(1) Indalecio Armesto (Pontevedra, 1838-1890), poeta, periodista, ensaísta, xurista, crítico musical, filósofo, político (republicano-socialista, republicano federal “benévolo”, republicano progresista) e masón. E, sen dúbida, o persoaxe máis sobresaínte do pensamento galego decimonónico e, cecais, do mesmo pensamento español. Exponente en Galicia do pensamento hegeliano, aínda que con unha certa aproximación a mentalidade positiva e tamén con certas diverxencias fundamentais en relación ao sistema de Hegel. Home de fonda erudición, de amplitude de coñecementos, de estilo brillante, de xorne outamente polémico, escribiu no 1878 unha obra titulada “Discusiones sobre Metafísica”, amais dunha reia de ensaios, publicados na prensa sobor de temática complexa: Economía Política, Filosofía, Filosofía do Dereito, Filosofía Política, Filosofía da Relixión, etc.

(2) López Otero, J.: *El periodismo en Pontevedra*, Impr. Rogelio Quintas, Pontevedra, 1899, pp. 106-108.

(3) Dentro do clima da Restauración canovista, é preciso ter en conta no marco concreto de Galicia, as soadas polémicas non só en relación a consolidación das teses positivistas, senón tamén —e con maior caor— en relación a aceptación do evolucionismo. Aínda que Darwin era coñecido por algúns a nivel individual, a nivel oficial as suas obras non entraron na Universidade Galega ata finais de século. Antre os defensores do evolucionismo —que son poucos— están rexistrados os nomes de Octavio Lois, Vila Nadal, Rodríguez Carracido, Laureano Calderón e Augusto González Linares. Maior é o número de adversarios: Gerónimo Macho, Planellas Giralt, Piñeiro Herba, Francisco Romero Blanco, Antonio Eleizegui (Universidade Literaria de Santiago); e López Peláez, Rey Lemos, Pérez Sandar e, xa no noso século, o vigués Eijo Garay, máis tarde arcebispo de Madrid-Alcalá (Universidade Pontificia). Cfr. Barreiro Fernández, X.R. (e VV): *El evolucionismo en Galicia*, “Compostellanum”, XVI (1971), 539-574.

miliares estudou Dereito en Santiago —carreira bastante común naqueles tempos—, aínda que as súas disposicións naturais o levaran a traballar de feito nos campos das ciencias exactas, das ciencias positivas e da filosofía. Sendo estudante de Dereito mantivo xa unha polémica coa Condesa de Pardo Bazán sobor da Astronomía; e máis adiante no “Correo Galego”, e coa mesma Condesa, outro debate sobor da finalidade da civilización, cuías ideas fican recollidas, en parte, nun apéndice da súa obra “Lo accesible y lo no accesible” —.

Home dotado dunha intelixencia pouco común e dunha precocidade extraordinaria publica aos 24 anos, na imprenta Xosé Alfredo Antúñez de Pontevedra, a súa primeira obra titulada “Recreaciones científicas”; título que, de seu, amosa a súa fogaxe de ánimo e, asemade, o seu concepto lúdico da labourea científica e filosófica. Non é, como tampouco o será a seguinte, unha obra sistemática, pois nela mestúranse temas tan varias e diversos como *A morte da terra*, *As trombas*, *Os cínicos*, *Os viaxes aéreos*, *O xénesis*, *A evolución*, *Fenómenos psíquicos*, *Sensación*, *Memoria*, *Risa e Sono*. A esta temática complexa vai engadida unha conclusión.

Cinco anos despois, no 1886, aparece outra obra titulada “Lo accesible y lo no accesible”; obra que recolle —despois do éxito crítico que habían tido— unha serie de artigos publicados xa con anterioridade na “Revista de España” (4), amáis dalgúns inéditos que tamén se engaden a este volume. Das súas publicacións na prensa de Pontevedra —da prensa que nos temos manexada— atopamos soio unha, e moi curiosa por certo, publicada no “Anunciador” no ano 1877 (5). Tiña entón Lois 20 anos, e titúlase “Pontevedra á luz da ciencia”. Nela proponse —segundo palabras textuais— “presentar en conxunto algúns datos científicos relacionados coa posición físico-xeográfica desta cidade, os cales, se ben teñen pouca importancia para as persoas adicadas ao cultivo das letras, esperamos que poidan servir de instrución para algúns dos lectores alleos a esta clase de estudos, esperanza non ilusoria, se lembramos con Feuerbach que “as verdades máis xinxelas son as derradeiras que acada a coñecer o home”. Tendo a Pontevedra como último marco de referencia, vai tratando da situación xeográfica (onde estamos), da “via láctea ou camiño de Santiago”, do fenómeno das mareas, do clima e da temperatura, dos antípodas de Pontevedra e da actividade volcánica —que considera de escasa posibilidade nesta poboación—.

Antre os premios acadados pola súa labourea científica, han de mencionarse dous concedidos pola Sección de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais da Academia Gadi-tana por mor de dúas memorias presentadas sobor de “Aplicaciones modernas de la electricidad” e sobor da “Atmósfera”. Amáis deso, a devandita Academia nomeóuno

(4) Revista de España (científica, literaria y política), Madrid, 1868-92.

(5) “El anunciador”, Pontevedra, 11-15/IX/1877. Este é o primeiro periódico diario de Pontevedra. Vai durar dezaseis anos (1877-1893), cambendo varias veces de título, de director (José Suárez, Indalecio Armesto, José Madrigal, Juan Manuel Rodríguez, Cosme Fernández Soler, Emilio Couto, José Sequeiros) e de orientación política (independente, democrático-liberal e republicano progresista). De Lois non atopamos máis que este artigo no ano primeiro da súa publicación.

socio correspondente da Sección de Ciencias. Asemade en 1886 a Academia de Mont-Real de Toulouse noméao membro de primeira clase despois de concederlle un premio por un traballo titulado "Biografía de Trueba".

En agosto de 1888, sendo subdirector do Instituto Metereolóxico Central —posto que acadara por oposición— morre en Pontevedra aos 31 anos. Se Armesto morre en plena madureza de pensamento, de actividade creadora e de rigoridae filosófica, Octavio Lois morre en plena xuventude, deixando, con todo, unha obra suficientemente significativa da súa valía científica e filosófica. Soio unha historia normal, de vida máis alongada, amosaría o que esta sobresaínte figura podería dar de sí.

II. Traxectoria ou militancia política

Non sabemos nada (6). Nembargantes, a nivel teórico, o seu pensamento socio-político pódese enmarcar no cadro xeral do positivismo en canto que liberal e conservador a un tempo, segundo os ideais da Restauración (6 bis). Na segunda obra ("Lo accesible y lo no Accesible") atopamos testemuñas que avalían esta ambivalencia. Dunha banda, amósase conservador en temas como os seguintes: a defensa da propiedade privada (7), cuio orixe positivo radica na prescripción (neste senso opónse a todo intento de socialización, veña ésta dos socialistas ou dos comunistas); na oposición ou rexeitamento tanto da anarquía como do materialismo esaxerado (en concreto o de Büchner), na aceptación e xustificación da pena de morte, que non debe ser abolida dos Códigos (8); no concepto de matrimonio civil, rexeitando o divorcio absoluto, e admitindo o relativo, ou especie de separación, pero que non racha o

(6) O ambiente cultural pontevedrés no derradeiro tercio do século XIX (mexturado a nivel político con un "caciquismo" funcionando a tope) era inmillorable. Abonde lembrar, amáis da eferescencia periodística, as tertulias e veladas literarias tan típicas da vida pontevedresa daquel entón no Liceo-Casino, ou nas casas particulares dos Muruais (Andrés e Xesús), na casa do "Arco", ou na propia de I. Armesto (Oliva, 27). Da participación directa de Lois —que era bastante máis xoven que o resto dos contertulios de renome— non se conserva testemuña algunha.

(6 bis) E.M. de La Revilla quen, en termos ben expresos, manifesta esta dobre ambivalencia da mentalidade positiva axeitada a mentalidade española da Restauración canovista: "*Liberal* recoñece a imperfección de moitas institucións, e tende a reformalas e a poñelas en armonía coas necesidades da natureza humán e da xusticia; *conservador* porque sabe moi ben... que as reformas ten de ser soaves transformacións e non revolucións violentas" ("*Revista Contemporánea*", XII, 1876, 503).

(7) Tanto a mentalidade idealista en España, como a positivista —expresivas ámbalas dúas dun pensamento burgués— non cuestionaron endexamáis o dereito (inviolable) á propiedade privada. Neste senso poden ser clarexantes as seguintes verbas de Lacasta Zabalza (extensivas, con maior motivo, a mentalidade positiva): "O dereito a propiedade privada é unha noción xurídica angular do noso hegelianismo. Nesta liña vin de soste que se trata dun pensamento burgués, no que non se cuestiona nin a súa existencia económica, nin a súa consistencia xurídica, ao servizo dun expreso modo de produción capitalista" (*Hegel en España* —Un estudio sobre la mentalidad social del hegelismo hispánico—, Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1984, pp. 293-99).

(8) *Lo accesible y lo no accesible* —Estudios Populares de Filosofía—, Bilbao, 1866, p. 268.

vencello matrimonial, posto que éste é indisolúbel. Vexamos as súas verbas expresas: “A natureza do matrimonio non pode ser outra que a da unión indisolúbel en canto ao vencello; é dicir, que aínda que proceda a separación dos cónxugues e dos seus bens en casos de adulterio, malos tratos, etc., nunca deben de quedar aqueles en liberdade de casarse de novo, manténdose deste xeito o principio de equilibrio e armonía que forman o concepto de moralidade, baseamento indispensable de todo agrupamento social” (9).

Doutra banda, hai tamén temas nos que amósase liberal (e progresista): p.e., o desterramento do absoluto e do infinito das ciencias e da filosofía positivas (logo falaremos de Deus); o concepto relativista da moral; o rexeitamento dos centralismos políticos. Neste caso é partidario dunha clara descentralización do poder, partindo da base dunha maior liberdade e autonomía propia das comunidades e pobos rexionais. A seguinte pasaxe non deixa lugar a dúbidas: “En primeiro termo haberá de deixarse na maior liberdade e autonomía ao réxime local, descentralizando, en canto sexa posible, as atribucións do poder executivo, pois unha experiencia irrefutable ten ensinado que a centralización é a vida dun a costa da anemia de moitos. Ninguén pode gobernar mellor unha comarca que os fillos ou naturizados da mesma, con atribucións tamén propias e non impostas por disposicións xerais, difíciles na súa aplicación práctica para axeitarse as costumes ou natureza do país”.

Pero esta descentralización, máis que unha concepción do Estado ou unha determinada forma de Estado, preséntase en Lois como algo natural, como si se tratase dun organismo biolóxico onde as partes, tendo funcións autónomas, constitúen a harmonía do conxunto (10). Veleiquí as súas verbas exemplificadoras: “De igual modo os pequenos agrupamentos locais, bastándose a si mesmos, semellan outras tantas células que, obrando autónomamente producen a harmonía social, constituindo unha nacionalidade única nos intereses comúns e diversa na súa administración ou vida interna”. Finalmente, hai outro tema no que Lois amosa realmente o seu xorne progresista. O tema da redución de gastos, que abrangue tanto aos militares, como aos do culto e do clero. Polo que atinxe ao militar, Lois fai unha crara defensa do que hoxe chamaríamos “desmilitarización”, ou cecáis, “pacifismo” (o mantemento de grandes exércitos sómentes se pode xustificar circunstancialmente en países como Francia, Alemaña ou Inglaterra que sempre están metidos en contínuas

(9) *Ibid.*, p. 250.

(10) A formación científica positivo-evolucionista de O. Lois permítelle ao autor tratar de darlle a devandita *descentralización* un baseamento científico. Convén lembrar que no ambiente pontevedrés as ideas federalistas (con fortes polémicas entre federalistas “intransixentes” e “benévolos”) estábanse a espallar xa dende os anos do Sexenio. Coa quebra da Primeira República, e asemade do proxecto de constitución dunha república federal, a consolidación das mencionadas ideas federalistas perdeu pulo. Polos mesmos anos I. Armesto (que politicamente había pasado por tres fases de militancia republicana —federal benévolo, progresista, e centrista salmeroniano—), en aberta oposición ao federalismo pimargalliano, falaba tamén de *descentralización*, aínda que as concepcións políticas destas dúas figuras —polo que se sabe— eran bastante diferentes.

liortas coloniáis). En canto a redución de gastos do culto e clero, Lois parte dun feito básico: a separación da Eirexa e do Estado. Debe haber unha eirexa libre nun estado libre. Emporiso a eirexa non debe implorar a axuda dos poderes temporais para subsistir; as necesidades de subsistencia do clero deben ser cubertas por medio dun imposto especial e voluntario dos creintes. "Os auxilios e beneficios da relixión deben ser, como os da meicía, para quen os pida, que deberá ser tamén o que os pague" (11).

III. Eixo científico-filosófico

Tratando o tema da evolución, fai de entrada a seguinte manifestación de fe evolucionista: "Darwin, Haeckel, Herbert Spencer: veleiqué tres nomes que deberan ir grabados en caracteres de luz fronte a gran lei da evolución". Fe no progreso, fe na evolución. Razón e experiencia como fontes únicas de coñecemento, pero na base estará sempre a experiencia; a razón deberá aterse sempre aos datos da experiencia, porque a única vía metodolóxica é a observación e a experiencia. A filosofía é tan soio unha inducción, unha xeralización, unha síntese a partir da experiencia científica. Concepción nidamente positivista da filosofía, que a Lois lle impide ver clara a distinción entre filosofía natural e ciencias positivas.

Prescindindo de algunhas cuestións técnicas, concretas e específicas, fixarémonos un pouco naquelo que constitúe o eixo vertebral do seu pensamento: o monismo dinámico (materia-forma-evolución) que é a nervatura da súa primeira obra, "Recreaciones científicas". "Veleiqué —dinos— a gran conclusión da ciencia moderna: a materia é unha, a forza é unha; dous, por conseguinte, son os elementos que constitúen o universo: forza e materia..., non hai máis que forza; o que chamamos materia é, en resúmen, forza condensada; os astros son núcleos de forza; o éter dos físicos non é senón forza en estado natural primitivo. Veleiqué toda a nosa doutrina dinámica: a forza éo todo; todo provén da forza" (12).

Esta crara concepción monística da realidade é un claro reflexo da polémica que no ano 1875-76, na Sección de Ciencias Morales e Políticas do Ateneo de Madrid, tivo lugar encol da metafísica idealista e os influxos ou repercusións que o positivismo podería ter sobor da relixión, da moral e da política. Gumersindo de Azcárate (13) fai un preciso resúmen dos devanditos debates, distinguindo dous tipos de positivismo: o crítico (ou neokantián) e o ontolóxico; éste recoñece a posibilidade dun principio xeral referido a unha concepción global da realidade. Lois, que estaba

(11) *Lo accesible...*, p. 240.

(12) *Recreaciones científicas*, Impr. A. Antúñez, Pontevedra, 1881, p. 90.

(13) Cfr. Azcárate, G., "El positivismo y la civilización", en *Estudios filosóficos y políticos*, V. Suárez, Madrid, 1877. Para un resúmen pontoal de Azcárate e resúmen de M. de La Revilla véxase Núñez Ruiz, D., *La mentalidad positiva en España: desarrollo y crisis*, Túcar, Ed., Madrid, 1975, p. 49, nota 34.

informado de canto acontecía non só a nivel nacional, senón europeo, apóntase ao primeiro dos positivismos, é dicir, ao crítico, que negaba a posibilidade de inferir conclusións máis alá dos límites permitidos pola experiencia.

En canto ó tema da evolución o seu pensamento é igualmente craro e expreso: “Se non procedesen unhas especies de outras ¿cómo se explicarían as analoxías tan marcadas antre os individuos de especies distintas?... ¿Non é o máis natural supor ao home resultado da evolución orgánica como último anelo da cadea que escomenza nos zoofitos e nas móneras microscópicas e ascende polos peixes, os reptís, os mamíferos inferiores e monos antropoides ata chegar a rama caucásica, a do cerebro máis desenrolado antre os que constitúen a humanidade?” (14).

Pero Lois era consciente dos atrancos que lle estaban a xurdir, por parte do pensamento conservador-eclesiástico, a esta doutrina tan craramente manifestada e defendida. Emporiso atrevéase tamén a facer a súa interpretación da narración bíblica. Sen detérmonos polo miudo na crítica que fai do Xénesis, sí convén apontar os erros e dificultades que atopa no propio relato: sobor da cronoloxía bíblica en relación ao orixe do mundo; sobor da autoría do relato bíblico —que non é mais que un conxunto de léndas persas ou caldeas recolleitas por Esdras—; sobor do concepto de creación a partir da nada (“a nada non se pode concebir, e aínda admitida non pode producir cousa algunha”); sobor do antropomorfismo bíblico en relación ao orixe do home (onde atopa unha contradicción antre dúas descripcións: ser formado da terra e ser imaxe e semellanza de Deus). —Se o evolucionismo é, pois, incompatible co Xénesis, esta incompatibilidade e froito dos erros e contradicións do mesmo relato bíblico. —En canto as dificultades que contra do evolucionismo proveñen da mesma ciencia (p.e. que era soio un unha pura hipótese sen confirmar, e que non podía avaliarse) Lois resposta decindo que grandes teorías científicas hoxe confirmadas escomenzaron plantexándose como hipóteses, como a de Copérnico, a que despois, confirmadas pola experiencia, foron elevadas á categoría de ciencia e de leises científicas.

Digamos —para rematar esta aproximación— que dentro desta mentalidade positiva o camiño de acceso racional ao absoluto, infinito ou trascendente, fica pechado. A razón non pode traspór os límites permitidos pola experiencia. O “accesible”, o teoricamente acadable pola razón, é o que ven dado dentro do ámbito da observación e da experiencia. O “inaccesible” é todo o que pretende trascender o devandito marco da experiencia. Aceptada esta núa metodoloxía criticista-positivista as conclusións xurden de seu e inciden directamente en dous temas polémicos: o acceso racional a existencia de Deus, e a concepción dunha moral baseada en principios absolutos e universáis. A actitude de Lois fica craramente reflexada nas seguintes pasaxes, coas que remato: “Creo en Deus, porque sinto a súa pura esencia axitarse na miña alma e latexar coa sangue que corre polas miñas veas... Eu sinto os efectos ou manifestacións dun ser superior que me fai revivir perante o día quetándome e alumeándome o camiño na percura das miñas provisions; pero non acado a comprensión da

(14) *Recreaciones...*, p. 114.

sua existencia, nin da sua orixe, nin das suas condicións naturais ou sobrenaturais” (15).

Polo que atinxe á moral, aplícalle a mesma metodoloxía que rexeita todo tipo de absolutos: “A moral... é unha de tantas necesidades sociais, como o dereito, a produción e o comercio. Cando a meirande parte dos homes se poña dacordo na avaliación de tales ou cales accións como boas, será preciso recoñecelas como morales, e cando troque o criterio estimando os motivos de maldade desas accións, convertiranse en inmorales. A moralidade é unha idea, e as ideas fórmanse no cerebro humano, modificándose con él. Todo é relativo neste mundo. O absoluto soio existe a priori nas outas rexións da metafísica” (16).

X.L. Barreiro

(15) *Lo accesible...*, p. 114.

(16) *Ibid.*, p. 229.